

ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

PONTEDEUME

Bases de convocatoria para entidades colaboradoras (librarías, papelerías e empresas do sector)

ANUNCIO

Por medio de Decreto do alcalde-presidente número 454/2020, de data 06/08/2020, resolveuse a aprobación das “Bases reguladoras da convocatoria para entidades colaboradoras (librarías, papelerías e empresas do sector)” do concello de Pontedeume, co seguinte contido:

BASES CONVOCATORIA PARA ENTIDADES COLABORADORAS (LIBRARÍAS, PAPELERÍAS E EMPRESAS DO SECTOR)

A Ordenanza xeral de subvencións do Concello de Pontedeume aprobouse mediante acordo plenario do 27/03/2008, que se publicou no BOP n.º 142, do 21/06/2008. O artigo un dispón que esta ordenanza ten por obxecto o establecemento das bases xerais reguladoras do procedemento de concesión de subvencións por parte do Concello de Pontedeume, ao abeiro do réxime xurídico disposto na Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e a Lei9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

O artigo sete da Ordenanza xeral establece que poderán ser obxecto de subvención os servizos e actividades que completen ou suplan as competencias do Concello de Pontedeume e que se consideren de interese para o municipio, cando o seu fomento se estime pertinente polos órganos competentes do Concello, entre as que se atopa o ensino.

De acordo co que se dispón no artigo 9 da Ordenanza xeral, o procedemento ordinario de concesión de subvencións tramitárase en réxime de concorrencia competitiva. Igual que se establece artigo 22 da Lei xeral subvencións (de carácter básico). Nos artigos 10 e seguintes da ordenanza regúlase o devandito procedemento, que resulta de aplicación para a aprobación das bases específicas de cada procedemento e a súa correspondente convocatoria, e que establece a regulación mínima que debe cumprirse.

Logo de ver a providencia de alcaldía de data 21/07/2020 de incoación do expediente para a aprobación das “Bases reguladoras de concesión de axudas ás familias para a adquisición de material escolar. Curso escolar 2020-2021. Segundo ciclo de Educación Infantil, Primaria e ESO” do Concello de Pontedeume.

Vistas as consideracións do contido do informe da Secretaría Municipal asinado dixitalmente en data 03/08/2020.

Tendo en conta o informe favorable, con observacións, da Intervención Municipal asinado dixitalmente en data 31/07/2020.

En uso das atribucións que me confire o artigo 21 da Lei 7/85, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, RESOLVO:

PRIMEIRO.–Aprobar as “Bases da convocatoria para entidades colaboradoras. Librerías, papelerías e empresas do sector”, seguintes:

“BASES CONVOCATORIA PARA ENTIDADES COLABORADORAS. LIBRERÍAS, PAPELERÍAS E EMPRESAS DO SECTOR)

Serán aplicables a estas bases, Lei 38/2003, do 17 de novembro, Subvencións Xerais, Real Decreto 887/2006, do 21 de xullo, que aproba o Regulamento da Lei indicada, así como as Bases para a execución do Orzamento Xeral do Concello para o ano 2020.

1.–Obxecto.

O obxecto destas bases é definir o modelo de participación e pagamento de todas as librarías, papelerías e asociacións, que desexen participar no Programa Municipal de Axudas Sociais para Material Escolar.

2.-Consignación do orzamento.

O orzamento máximo será con cargo á partida orzamentaria correspondente do capítulo IV do orzamento para gastos que anualmente se convoquen para axudas de material escolar titulado: Axudas Sociais para Material Escolar.

3.-Cantidade.

Establécese un modelo de “Vale” para cada beneficiario do programa municipal de Axudas Sociais para Material Escolar polo importe resultante da baremación e aprobación da súa solicitude que deberán canxear nos establecementos e entidades colaboradoras no prazo establecido na convocatoria destinada as familias.

Cada vale unicamente poderá canxearse na súa totalidade no establecemento elexido polo beneficiario.

4.-Gastos subvencionables.

Considéranse gastos subvencionables todos aqueles derivados da compra de material escolar considerado “imprescindible” para a súa utilización durante o curso escolar (cadernos, bolígrafos, folios, etc.), agás libros de texto e material electrónico (tablet, auricularres...), segundo as directrices que se regulen nas bases de concesión das subvencións.

5.-Beneficiarios.

Poden concorrer a este programa todas aquelas librerías, papelerías e empresas do sector de Pontedeume que teñan ó día o pago en licencias e impostos.

As librerías/papelerías e asociacións do sector deberán acollerse ás seguintes bases, recollidas no posterior convenio que se firmará entre a entidade solicitante e o Concello de Pontedeume.

O convenio terá unha validez de 4 anos, puidendo actualizarse a lista de entidades colaboradoras anualmente, mediante solicitude presentada ao efecto polos interesados entre o 1 de xuño e o 20 de agosto de cada ano.

6.-Solicitudes e documentación.

As solicitudes deberán presentarse en modelo oficial adxunto nestas bases. Xunto ca seguinte documentación:

- NIF da empresa.
- N.º de conta bancaria.
- Copia de licencia de apertura/ comunicación previa.
- Alta no IAE.
- Certificado de estar ó corrente nas obrigas Tributarias e Seguridade Social.

7.-Presentación de solicitudes.

As solicitudes para ser entidade colaboradora deberán presentarse dentro do prazo establecido nestas bases:

Dende o día seguinte á súa publicación no BOP e ata o 20 de agosto.

Todas aquelas solicitudes presentadas fóra de prazo serán desestimadas.

8.-Lugar de presentación.

As solicitudes serán entregadas no rexistro do Concello de Pontedeume, sito na Rúa Real ,n.º 13, baixo, en horario de atención ó público ou a través da sede electrónica.

9.-Defectos na presentación das solicitudes.

Se a documentación presentada é incorrecta ou incompleta, requirirase ó beneficiario, por escrito, a súa rectificación ou rectificacións necesarias, dentro de dez días hábiles a partir do día de recibir o escrito, con indicación que si non presenta a documentación requerida, se entenderá por desestimada a súa solicitude.

10.-Troco dos vales.

Os beneficiarios/as deberán trocar os vales durante o prazo establecido na convocatoria xeral para familias e unha vez firmado o convenio de colaboración entre as entidades e o Concello.

11.-Facturación e pago dos vales.

*As librerías/papelerías e empresas do sector deberán entregar obrigatoriamente a facturación dos vales antes das 14.00 horas do día 30 de novembro.

*As facturas irán a nome dos solicitantes e presentaranse no concello en sede electrónica xunto cos vales canxeados para acreditar o gasto detallado do material canxeado.

*Unha vez revisado, o Concello ordenará o pago do importe debidamente acreditado.

- As entidades colaboradoras con independencia do sistema de facturación, telemática ou física, deberán presentar, antes do 30 de novembro, os vales ca relación de artigos proporcionados con cargo a ese vale e un escrito económico, firmado e sellado, que exprese o número de vales atendidos e o total facturado aos beneficiarios.

De non presentar os vales cos correspondientes tickets grapados e ordenados, deberá incluír no escrito económico o detalle dos artigos vendidos por cada número de expediente (N.º Rexistro). Os vales deberán presentarse obrigatoriamente adxuntando factura a nome do beneficiario con indicación pormenorizada dos artigos canxeados polo vale.

12.-Compromiso.

As librarías e papelerías participantes comprométese a colaborar nas actividades que organice a Concellería de Educación como motivo, por exemplo, do Día do Libro.

13.-Infraccions e sancions.

En materia de infraccions e sancions aplicarase o que se dispón no Título IV da Lei Xeral de Subvencións e no Título IV do seu Regulamento.”

SEGUNDO.–Publicar as presentes bases no Boletín Oficial da Provincia, no taboleiro de anuncios municipal e no taboleiro da sede electrónica (<https://sede.pontedeume.gal>), así como na páxina web municipal (www.pontedeume.gal).

TERCEIRO.–Dar traslado do contido da presente resolución ao departamento responsable do expediente, así como ao departamento de Intervención, tendo en conta os efectos económicos do presente acto administrativo.

CUARTO.–Dar conta ao Pleno da corporación na seguinte sesión que se celebre en cumprimento do establecido no artigo 42 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, por lo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais.

En Pontedeume, asinado dixitalmente a 06/08/2020 polo Sr. alcalde, D. Bernardo Fernández Piñeiro, do que eu, D.^a Marta Cajide Barbeito, como secretaria, dou fe. (Asinado aos efectos exclusivamente do artigo 3.2 do RD 128/2018, do 16 de marzo, e o artigo 2.1 do Decreto 24/2018, do 15 de febreiro).

2020/5539